

M<sup>a</sup> HELENA ZAPICO BARBEITO

## O binomio persoas maiores e libros de texto

A imaxe e concepto de vellez no curriculum escolar

*Old people and text books  
Image and concept of aging in the school plans*

**Resumo:** Ó redor da realidade da vellez está a manterse un intenso debate, froito do crecente interese que este colectivo de idade suscita socialmente a moi diferentes niveis e dende moi diversas perspectivas e dimensións de análise. E é precisamente dende a perspectiva educativa dende a que nos situamos na investigación que vimos asumindo nos últimos anos –e continuamos a desenvolver na actualidade– dende o Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC, abordando de xeito prioritario a cuestión da imprescindible vinculación entre escola e maiores. Mergullámonos así nun campo de estudio moi escasa e limitadamente tratado ata o momento na literatura xerontolóxica e educativa: a dirección do que coidamos necesaria conversión da realidade da vellez en tema de reflexión, diálogo e estudio no seo das aulas, e de integración no contido dos materiais curriculares. No presente artigo ofrécese unha breve e moi exigua síntese das características e esencia fundamental da devandita indagación, destinada a analizar os modelos de representación das persoas maiores que ofrecen os materiais curriculares en formato impreso empregados nas escolas galegas.

**Palabras-clave:** vellez; curriculum escolar; imaxe do maior; libros de texto; concepto de envellecemento.

*Abstract: A great discussion is kept on the subject of the old age reality, due to the increasing interest that some different points of view and trends of analysis have on this age group. From the educational point of view, we have been realizing a work-in-progress investigation for the last years in the Department of Didactics and School Organization of the University of Santiago de Compostela. This investigation deals specially with the essential relation of the elderly with the school. This way, we are introduced in a very-little studied field in educational and gerontology literature, towards a reflection of the old age reality in the classroom –that we find essential– and its integration on the school plans. This article presents a brief synthesis of the characteristics of this investigation, aimed at the analysis of the models of representation of the elderly in the text books used in Galician schools.*

**Keywords:** *old age; school plan; image of old people; text books; aging.*

### UNHAS SUCINTAS VERBAS PARA CONTEXTUALIZAR

Europa está a envellecer de forma progresiva. A súa estrutura demográfica pasou de ter «forma de tonel en posición vertical, inchado no centro e estreitado nas bases, a ter forma de pirámide invertida» (Sáez Carreras, 1997:33). Isto vén a significar a existencia dunha forte concentración de poboación superior a sesenta e cinco anos no noso continente e, por ende, na nosa Galicia, debido esencialmente ó incremento da esperanza de vida e ó incesante descenso da natalidade que caracteriza ás sociedades pos-industriais. De feito, segundo datos das Nacións Unidas, actualmente preto do «dez por cento da poboación maior de sesenta anos xa conta con oitenta e máis anos, e a proporción aumentará a un vintecinco por cento antes do ano 2050» (Asemblea Xeral das Nacións Unidas, 1998, cit. por Belando Montoro, 2001:11).

Estes son tan só algúns dos datos demográficos que virían a xustificar en certo modo o progresivo interese que suscita e o protagonismo que está a adquirir un colectivo de persoas cada vez máis numeroso, o das persoas maiores, na sociedade actual, a «Sociedade da Aprendizaxe» (Requejo, 1998:147). Datos que se atopan ademais na base da crecente preocupación polo futuro dos anciáns, pola súa calidade de vida, polos seus dereitos de participación e integración social como cidadáns, así coma de formación permanente, considerando prioritario este último factor, o educativo, que debería estar perfectamente integrado cos aspectos sociais, culturais e sanitarios relacionados co colectivo da vellez.

O rápido crecemento demográfico da mal-denominada “terceira idade” ten feito que, primeiro, se fale del como un “problema sociolóxico” sen parangón na historia da demografía da humanidade e, despois, que se queira buscar unha “solución científica”, que pasa pola necesaria asunción do reto que para as nosas sociedades trae consigo o fenómeno do envellecemento tanto a nivel institucional, coma político, coma económico, coma social, sanitario e, por suposto, educativo. O incremento da esperanza de vida e o consecuente envellecemento progresivo da poboación, eríxese sen dúbida como un grande logro, pero representa tamén un inmenso desafío para a sociedade do século XXI.

Consecuentemente, ó redor da realidade da vellez está a manterse un intenso debate, froito do crecente interese que este colectivo de idade suscita socialmente a moi diferentes niveis e dende moi diversas perspectivas e dimensións de análise. Proba diso, son as continuas referencias ás persoas maiores, así como os debates científicos, os congresos, as investigacións e traballos de toda índole que se constrúen en torno a tal colectivo, e mesmo a atención que os medios de comunicación dedican a este tema, sen dúbida, de renovado interese social. Uns

tratan a cuestión dende a demografía, outros dende o punto de vista económico, outros dende o político ou o sanitario... pero non son menos os que se centran na análise da realidade da vellez dende o punto de vista social e educativo.

E é precisamente dende esa perspectiva educativa dende a que nos situamos na investigación que vimos realizando nos últimos anos dende a Universidade de Santiago de Compostela, e que no presente continúa en pleno proceso de crecemento, mergullándonos nun campo específico de estudo –o da relación entre maiores e recursos didácticos– practicamente esquecido e inexplorado ata o momento na literatura xerontolóxica e educativa. Nese sentido, a nosa investigación formula e reivindica así a imprescindible vinculación entre escola e persoas maiores, no que consideramos deben ser dúas direccións esenciais:

- por un lado, a da defensa da participación directa dos maiores na dinámica das escolas e na educación das novas xeracións, en tanto que axentes sociais que forman parte indisoluble do contexto no que se enmarcan as escolas e na que viven os alumnos/as, e que por tanto deberían poder implicarse na actividade das primeiras, coma membros máis da comunidade, con plenos dereitos e deberes, e cuxas achegas á súa sociedade deberían ser obxecto de necesaria consideración e revalorización;
- e, por outro lado, temos escudriñado e continuamos a analizar a dimensión da vinculación entre curriculum escolar e avellentamento, dende a dirección do que consideramos necesaria conversión da realidade da vellez en tema de reflexión, diálogo e estudo no seo das aulas, e de integración e tratamento –en tanto que colectivo social de crecente protagonismo e importancia na sociedade– no contido dos medios didácticos empregados para vehicular boa parte do coñecemento nas escolas, no contido daqueles recursos que se erixen moitas veces como pilares fundamentais nos procesos de ensino-aprendizaxe e como auténticas ferramentas para o desenvolvemento do curriculum, isto é: os materiais curriculares. Partimos pois da convicción de que, tal e como sinalan Romans, Petrus e Trilla (2000:120), necesariamente o proceso de envellecemento «[...] debería converterse nun contido escolar, xa que informar ós mozos acerca dos cambios que se dan ó longo da vida pode axudar a mellorar as relacións interxeracionais e facilitar a comprensión de cómo son as persoas maiores».

### ALGÚNS DOS OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN: AS NOSAS ASPIRACIÓNS

Ó longo do proceso de indagación, temos perseguido prioritariamente a consecución dos seguintes obxectivos, que van crecendo sen dúbida en complexidade e ambición a medida que avanza o estudio. Velaquí algúns:

- Determinar e analizar a imaxe que se ofrece das persoas maiores nos materiais curriculares en formato impreso empregados nas nosas escolas, descubriendo as posibles concepcións, modelos ou representacións da vellez que dende tales recursos se están a transmitir ós máis novos, condicionando e influíndo quizais no concepto de vellez que os alumnos/as posúan, así coma incluso no tipo de relacións que manteñan cos seus maiores no presente e no futuro.
- Diseñar e validar un modelo e instrumento de análise de materiais curriculares dirixido a describir e interpretar a percepción da vellez transmitida a través de ditos medios didácticos. Un modelo que, enmarcándose dentro dos enfoques interpretativo e crítico, combina o estudio descritivo e inferencial, entroncando substancialmente coa estratexia metodolóxica da análise de contido.

### ANTECEDENTES E DESENVOLVEMENTO DO ESTUDIO: O CAMIÑO XA PERCORRIDO

A presente investigación vén desenvolvéndose ó longo dos últimos anos dentro do marco do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela, no cal desempeño o meu labor profesional como investigadora. No camiño cara a miña Tese de Doutoramento e na liña de indagación formulada, teño presentado varios estudos substanciais que -baixo a encomiable tutela do profesor Xesús Rodríguez Rodríguez- se erixen como base principal da miña traxectoria, entre eles: a miña Tesiña de Licenciatura (Zapico Barbeito: 2006a) e o meu Traballo de Investigación Tutelado (Zapico Barbeito: 2006b), que se identifican como pasos contiguos dunha mesma investigación, aquela que atopa a súa natural continuidade na tese que actualmente desenvolvo.

A medida que teñen ido nacendo os estudos mencionados e avanzando e aprofundando na literatura ó respecto, foi xurdindo un auténtico remuíño de interrogantes diversos, a algúns dos cales confiamos poder dar unha sorte de resposta a través da tese: Que modelo teórico do envellecemento estase a transmitir ás novas xeracións a través do contido dos materiais curriculares empregados nas nosas aulas? Aparece realmente recollida a figura do maior en tales recursos e, de ser así, que clase de imaxe se ofrece da vellez? Que papel se lle concede ós propios maiores no marco escolar, como axentes educativos de gran valor, cuxa bagaxe cultu-

ral, vivencial e experiencial pode ser de grande utilidade nos procesos didácticos, a través de propostas interxeracionais? Ou mesmo, como conciben os distintos profesionais da educación o tratamento desta temática nos medios didácticos ou como implicar ós maiores na escola tomando como nexos de unión ós materiais educativos nesta utilizados?... Estas e outras moitas cuestións de relevancia teñen sido e continúan a ser obxecto prioritario de estudo pola nosa parte na Tese Doutoral.

### O ENFOQUE METODOLÓXICO DA INVESTIGACIÓN: CANDÍS QUE ILUMINAN A SENDA

Na parte empírica da investigación temos recorrido á estratexia metodolóxica da análise de contido, un acreditado campo de coñecemento, aplicado en múltiples ocasións dentro do marco da investigación educativa -especialmente no universo de análise dos libros de texto- e que nos proporciona antecedentes sólidos, realmente férreos, nos que sustentar o noso estudo. En base a tal perspectiva, temos deseñado un instrumento de avaliación, sumamente completo, rigoroso e detallado, malia que por suposto permanentemente aberto a optimizacións constantes, flexibles e dinámicas. Trátase da nosa "Guía de análise da imaxe das persoas maiores nos materias curriculares", constituída por un total de 75 ítems e 10 bloques fundamentais de indagación, cuxa estrutura temática básica viría a corresponderse, moi exiguamente, co seguinte esquema:

**Táboa 1.** Ámbitos de indagación principais do instrumento de avaliación: bloques temáticos da nosa "Guía de análise da imaxe das persoas maiores nos materias curriculares".

- A) DATA E IDENTIFICACIÓN DO MATERIAL
- B) ANÁLISE DO TEXTO ESCRITO
  - B.1. Presenza e entidade do maior no texto escrito
  - B.2. Caracterización do maior no texto escrito
- C) TERMINOLOXÍA DE REFERENCIA ÓS MAIORES
- D) ANÁLISE DAS ILUSTRACIÓNS
  - D.1. Presenza e entidade do maior no contido ilustrado
  - D.2. Caracterización do maior no contido ilustrado
- E) APROXIMACIÓN CONCEPTUAL Á VELLEZ NO MATERIAL
  - E.1. Percepción do proceso de envellecemento
  - E.2. Percepción do concepto de vellez
  - E.3. Percepción do concepto de ancianidade
  - E.4. Percepción do concepto de "cuarta idade"
- F) POSIBLES MITOS OU ESTEREOTIPOS SOBRE A VELLEZ
- G) ENFOQUES TEÓRICOS SOBRE O ENVELLECIMENTO

- G.1. Referencia explícita a teorías do envellecemento
- G.2. Referencia implícita a teorías do envellecemento
- H) GRAO DE ACHEGAMENTO OU CONTRASTE COA PERCEPCIÓN SOCIAL DA VELLEZ
  - H.1. Contraste entre a percepción da vellez nos medios de comunicación e a imaxe do maior no material
  - H.2. Contraste entre a percepción social xeral da vellez e a imaxe do maior no material
  - H.3. Contraste entre a percepción da vellez no colectivo infanto-xuvenil e a imaxe do maior no material
- I) MAIORES E ESCOLA: POSICIONAMENTO DENDE O MATERIAL
- J) VALORACIÓN GLOBAL DO MATERIAL ANALIZADO

Fonte: Zapico Barbeito 2006b, 184

No tocante á mostra de materiais ata o de agora analizada, seleccionouse un conxunto de vinteun libros de texto, en lingua galega, pertencentes a sexto curso de Educación Primaria, empregados nas aulas de toda Galicia, correspondentes ás principais áreas do curriculum (Lingua e Literatura Galega; Lingua Castelá; Lingua Inglesa; Coñecemento do Medio; Matemáticas; Educación Musical; e Relixión Católica) e publicados por tres editoriais distintas. Temos tentado garantir, en todo caso, a presenza de materiais diversos, heteroxéneos, que potenciasen a significatividade dos resultados, cumprindo toda unha serie de criterios de rigor na indagación que permitisen consolidar a credibilidade do estudo.

#### RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN: PRIMEIRAS PEGADAS NO TRAXECTO

Trala análise das devanditas vinteunha unidades de mostraxe, temos detectado no contido dos materiais avaliados unha imaxe dualizada e certamente heteroxénea do avellentamento. Así, por unha banda, nesas ferramentas curriculares atopámonos frecuentemente coa imaxe dun ancián activo, dinámico, comprometido e integrado social, familiar e laboralmente. Sen embargo, tamén constatamos a existencia de determinados puntos febles ou innegables limitacións nos textos, froito da presentación dunha imaxe optimizable do maior que podería estar a influír negativamente no concepto de vellez que manexen as novas xeracións:

- escasa presenza global da vellez nos textos, que se erixe en tema de secundaria e mesmo casual e anecdótica incorporación no curriculum escolar, sendo un colectivo de idade xeralmente esquecido e vinculado con frecuentes preconcepcións negativas;
- minoritaria presenza xeral da muller maior no contido dos materiais, así como caracterización sesgada e pexorativa da mesma, ó ser ex-

clusivamente vinculada cun rol familiar, secundario, e maioritariamente situada en espazos privados e pechados;

- transmisión de certas ideas tradicionalmente estereotipadas respecto ó envellecemento;
- inexistencia de actividades ou dinámicas que estimulen o contacto interxeracional ou de propostas dirixidas a potenciar a reflexión dos alumnos/as en torno á realidade da vellez nalgunha das súas múltiples dimensións (biolóxica, psicolóxica, social, histórica, familiar, lingüística, etnográfica..).

#### A MODO DE EXIGUA REFLEXIÓN FINAL:

#### O PUNTO DE PARTIDA CARA UNHA LONGA VIAXE FUTURA

A pesar da existencia dun auténtico universo de diferenzas abismais, de luces e sombras entre unhas e outras unidades de mostraxe, debemos sinalar que, en liñas xerais, os materiais curriculares impresos analizados non recollen apenas a realidade social da vellez, eluden por completo abordar rigorosamente a cuestión do proceso de envellecemento como etapa máis do ciclo vital susceptible de ser estudada e comprendida polo alumnado, e presentan unha serie de claros elementos optimizables relativos á imaxe e rol dos maiores que, sen dúbida, sería preciso mellorar. Coidamos que esta se erixiría como unha responsabilidade ineludible se desexamos transmitir ós nosos cativos e cativas, ós nosos mozos e mozas un concepto realista, desmitificado, xusto y acertado da realidade da vellez, fomentando o nacemento de relacións interxeracionais máis harmónicas e solidarias na nosa sociedade.

En todo caso, cómpre destacar que a nosa investigación debe seguir a crecer e evolucionar en base ós piares que xa a sustentan, aspirando a acadar cotas cada vez máis elevadas de esixencia e rigor, materializadas no desenvolvemento da Tese de Doutoramento na que actualmente estou mergullada. Estamos ante un proxecto de indagación arduo pero sumamente estimulante, sempre susceptible de ser enriquecido a partir de novas reflexións, suxestivas achegas e innovadores prismas de análise, que axuden a optimizalo e impulsen o seu crecemento ó longo do complexo camiño que ante nós agora se presenta. Dende logo, asumimos o desafío con convicción e entusiasmo.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Area, M. (1991). *Los medios los profesores y el currículo*. Barcelona: Sendai.
- Asamblea Xeral das Nacións Unidas (1998). *Preparativos para el Año Internacional de las Personas de Edad. Informe do Secretario Xeral. A/53/294*.
- Atkinson, T.; Claxton, G., Eds. (2002). *El profesor intuitivo*. Barcelona. Octaedro.

- Bardin, L. (1986). *El análisis de contenido*. Madrid: Akal.
- Bazo, M.T. (1995). *El reto del envejecimiento: una reflexión sociológica*. *Revista Española de Geriatría y Gerontología*, 30, 95-97.
- Belando Montoro, M. (2001). *Vejez física y psicológica: Una perspectiva para la educación permanente*. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- Cabero, J. (2000). *Las nuevas tecnologías de la información y comunicación: aportaciones a la enseñanza*. En Cabero, J.; Salinas, J.; Duarte, A. M.; Domingo, J., Eds., *Nuevas Tecnologías aplicadas a la educación*. Madrid: Síntesis, 15-38.
- Cantarero, J.S. (2000). *Materiales curriculares y descalificación docente. Análisis interpretativo de las estrategias a través de las que el libro de texto regula el trabajo del profesorado* [Tese Doctoral]. Valencia: Universidad.
- Castiello, J.M. (2002). *Los desafíos de la educación intercultural: migraciones y currículum*. Tese Doutoral. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Erickson, F. (1989). *Métodos cualitativos de investigación sobre la enseñanza*. En Wittrock, M.C. (1990), *La investigación sobre la enseñanza II*. Madrid: Paidós/M.E.C.
- Gallego, D. J., Alonso, C. e Cantón, I. C. (1996). *Integración curricular de los recursos tecnológicos*. Barcelona: Oikos Tau.
- Hargreaves, A. (2003). *Enseñar en la sociedad del conocimiento*. Barcelona: Octaedro.
- Montero Mesa, L. e Vez Jeremías, X.M. (2003). *A elaboración de materiais curriculares como oportunidade para o desenvolvemento profesional do profesorado*. En Rodríguez Rodríguez, J. (coord.). *Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Requejo Osorio, A. (1998). *Sociedad del aprendizaje y tercera edad*. *Teoría de la Educación*, 10, 145-167.
- Rodríguez Rodríguez, J. (2000). *Os materiais curriculares impresos e a Reforma Educativa en Galicia*. Tese Doutoral. Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Romans, M.; Petrus, A. e Trilla, J. (2000). *De profesión: educador(a) social*. Barcelona: Paidós.
- Sáez Carreras, J. (1997). *La Tercera Edad. Animación sociocultural*. Madrid: Dykinson.
- Sancho, J. M. C. (1994). *Para una tecnología educativa*. Barcelona: Horsori.
- Van Dijk, T. A. (Ed.). (2000). *El discurso como estructura y proceso. Estudios sobre el discurso I: introducción multidisciplinaria*. Barcelona: Gedisa.
- Zapico Barbeito, Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2003). *A Terceira Idade nos Materiais Curriculares de Galicia*. Trabajo Academicamente Dirixido. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. e Rodríguez Rodríguez, J. (2004). *Materiales didácticos para personas mayores*. *Cuadernos de Pedagogía*, 338, 39-43.
- Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2006a). *As persoas maiores nos materiais curriculares impresos de Galicia. Unha aproximación inicial*. Tesiña de Licenciatura.



Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.

Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2006b). *Persoas maiores, materiais curriculares e escola. Análise da presenza da vellez nunha mostra de libros de texto de Galicia*. Traballo de Investigación Tutelado. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar.

Zapico Barbeito, M<sup>a</sup> H. (2006c). *Os nosos vellos e vellas na familia*. *Revista Galega de Educación*, 36, 57-59.

•

M<sup>a</sup> Helena Zapico Barbeito é Licenciada en Pedagogía, Diplomada en Educación Social e Experta en Xerontoloxía Social. Traballa como investigadora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está mergullada no desenvolvemento da súa Tese Doutoral, labor que compaxina coa participación en múltiples proxectos de investigación, a asunción de tarefas docentes de diversa índole, a publicación de artigos ou a presentación de comunicacións e ponencias no marco de congresos e eventos científicos de carácter nacional e internacional. E-mail: helenazb@usc.es